

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36015159	Chan do Monte	Marín	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
COM	Comercio e márketing	CD3COM000400	Márketing e publicidade	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1709	Itinerario persoal para a empregabilidade I	2024/2025	4	107	128
MP1709_12	Prevención de riscos laborais	2024/2025	4	50	60
MP1709_22	Empregabilidade e relacións laborais	2024/2025	4	57	68

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARTA LUISA POLLÁN GUIASOLA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A finalidade deste módulo é facilitar o coñecemento da lexislación laboral básica e os dereitos e obrigas que se derivan as relacións laborais, que lles permita resolver as diversas situacións que lles puidera plantexar durante súa vida laboral. A adquisición dos coñecementos e habilidades necesarias para traballar en concidións de seguridade e previr os posibles riscos. E a formación necesaria para comprender o contexto socioeconómico no que van a desenrolar a súa vida laboral, ben como empresarios ou como traballadores.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	A prevención de riscos laborais: Saúde e traballo. A acción preventiva na empresa. Organismos públicos competentes. Dereitos e deberes en materia preventiva. Responsabilidades legais.	Saúde e Traballo. A acción preventiva na empresa. Organismos públicos competentes. Dereitos e Deberes en materia preventiva	20	10
2	A análise dos riscos laborais. Avaliación das situacións de risco. Determinación das medidas de prevención no ámbito laboral da Titulación	Prevenición e protección no ámbito laboral da Titulación. Seguridade no Traballo. Hixiene no Traballo. Ergonomía. Psicosocioloxía	20	10
3	Emerxencias, actuación no caso de accidente e PPAA no ámbito laboral da Titulación	As situacións de emerxencia. Actuacións en caso de accidente no ámbito laboral da Titulación . PPAA na empresa. Aplicación dos PPAA.	20	5
4	O dereito do traballo e os contratos de traballos	Historia, U.E., fontes, órganos, principios, tribunais e administración laboral. O Contrato de traballo. Capacidade, forma, período de proba, exclusións, relacións laborais especiais. ETT, faltas laborais. Dereitos e Deberes	12	15
5	As condicións de traballo, nómina e Seguridade Social	Xornada, descanso, horas extras, permisos, vacacións, Fogasa, pagos e embargos. A nómina e a Seguridade Social. O recibo de salarios, bases, devengos, deducións, confeccións, S.S., rexímenes, estrutura, acción protectora e indentificación das clases de prestación.	25	25
6	Modificación, suspensión e extinción do Contrato de Traballo. Impugnación do despido.	Modificación funcional, xeográfica e das condicións laborais. Tipos de suspensión e extinción. Como reclamar un despido e calificación xudicial	10	10
7	Traballo en equipo, participación dos traballadores na empresa	Libertades sindical, negociación colectiva, conflito colectivo, participación dos traballadores na empresa. O equipo de Traballo. Dinámica de grupos. As reunións de traballo. O conflito e a negociación.	8	5
8	Orientación Profesional	Responsabilidade individual en el desarrollo profesional. Configuración de un entorno personal de aprendizaje. Identidad digital y su impacto en la empleabilidad. Diseño del entorno de aprendizaje para alcanzar el desarrollo individual	13	20

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	A prevención de riscos laborais: Saúde e traballo. A acción preventiva na empresa. Organismos públicos competentes. Dereitos e deberes en materia preventiva. Responsabilidades legais.	20

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Adquire as competencias necesarias para o desempeño das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais consonte o establecido na normativa de prevención de riscos laborais vixente	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Valorouse a importancia da cultura preventiva en todos os ámbitos e as actividades da empresa ou do organismo equiparado, relacionando as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora, e identificando e clasificando os factores de risco na actividade e os danos derivados destes, especialmente as situacións de risco máis habituais nas contornas de traballo do sector profesional relacionado co título
CA1.2 Clasifícaronse e describíronse os tipos de danos profesionais relacionados co perfil profesional do título, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais
CA1.6 Clasifícaronse as formas de xestión da prevención na empresa ou no organismo equiparado, en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais, e determináronse as formas de representación das persoas traballadoras na empresa ou no organismo equiparado en materia de prevención de riscos
CA1.8 Determináronse os requisitos e as condicións para a vixilancia da saúde da persoa traballadora e a súa importancia como medida de prevención

4.1.e) Contidos

Contidos
Marco normativo.
Protocolo de actuación ante unha situación de emerxencia.
Análise dos factores de risco derivados das condicións de seguridade, ambientais, ergonómicas e psicosociais na empresa ou no organismo equiparado do sector produtivo do ciclo formativo.
Tipoloxía dos danos: patoloxías específicas (accidentes de traballo e doenzas profesionais) e outras patoloxías relacionadas cos riscos psicosociais (estrés laboral, acoso e outras formas de violencia laboral, fatiga etc.).
Análise das condicións e dos límites da vixilancia da saúde na empresa, e das repercusións dos resultados dos recoñecementos médicos na relación laboral.

Contidos
Organismos estatais e autonómicos relacionados coa prevención de riscos.
Conceptos básicos de seguridade e saúde laboral.
Actuación responsable no desenvolvemento do traballo para evitar situacións de risco na súa contorna laboral.
Principais técnicas de prevención.
Obrigas das empresas ou os organismos equiparados ante as emerxencias.
Xestión da prevención na empresa: funcións e responsabilidades.
Relación entre traballo e saúde.
Determinación dos danos á saúde da persoa traballadora que poden derivar das condicións de traballo e dos factores de risco detectados.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	A análise dos riscos laborais. Avaliación das situacións de risco. Determinación das medidas de prevención no ámbito laboral da Titulación	20

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Adquire as competencias necesarias para o desempeño das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais consonte o establecido na normativa de prevención de riscos laborais vixente	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.2 Clasifícanse e describíronse os tipos de danos profesionais relacionados co perfil profesional do título, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais
CA1.3 Determinouse a avaliación de riscos na empresa ou no organismo equiparado e definíronse as técnicas de prevención e de protección que deben aplicarse para evitar os danos na súa orixe e minimizar as súas consecuencias
CA1.5 Determináronse os principais dereitos e deberes en materia de prevención de riscos laborais

Criterios de avaliación

CA1.7 Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa ou no organismo equiparado que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia, e reflexionouse sobre o contido deste

CA1.8 Determináronse os requisitos e as condicións para a vixilancia da saúde da persoa traballadora e a súa importancia como medida de prevención

4.2.e) Contidos
Contidos

0Protocolos de actuación ante diversas situacións de emerxencia na empresa.

Protocolo de actuación ante unha situación de emerxencia.

Análise dos factores de risco derivados das condicións de seguridade, ambientais, ergonómicas e psicosociais na empresa ou no organismo equiparado do sector produtivo do ciclo formativo.

Tipoloxía dos danos: patoloxías específicas (accidentes de traballo e doenzas profesionais) e outras patoloxías relacionadas cos riscos psicosociais (estrés laboral, acoso e outras formas de violencia laboral, fatiga etc.).

Actuación responsable no desenvolvemento do traballo para evitar situacións de risco na súa contorna laboral.

Medidas de protección individual e colectiva: equipamentos de protección individual e sinalización de seguridade.

Xestión da prevención na empresa: funcións e responsabilidades.

Actuación en caso de risco grave e inminente.

Órganos de representación e participación das persoas traballadoras na prevención de riscos laborais.

Análise dos dereitos e das obrigas das persoas traballadoras e empresarias en materia de prevención de riscos laborais.

Determinación dos danos á saúde da persoa traballadora que poden derivar das condicións de traballo e dos factores de risco detectados.

Planificación da prevención de riscos na empresa ou no organismo equiparado: contido mínimo dun plan de prevención.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Emerxencias, actuación no caso de accidente e PPAA no ámbito laboral da Titulación	20

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Adquire as competencias necesarias para o desempeño das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais consonte o establecido na normativa de prevención de riscos laborais vixente	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.4 Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia
CA1.7 Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa ou no organismo equiparado que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia, e reflexionouse sobre o contido deste
CA1.9 Identificáronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante distintos tipos de danos, así como a composición e o uso da caixa de primeiros auxilios

4.3.e) Contidos

Contidos
<p>Protección de persoas traballadoras en especiais situacións de vulnerabilidade (menores, maternidade e persoas especialmente sensibles a determinados riscos).</p> <p>Actuación responsable en situacións de emerxencia e primeiros auxilios.</p> <p>Actuación en caso de risco grave e inminente.</p> <p>Aplicación das principais técnicas de primeiros auxilios.</p> <p>Composición da caixa de primeiros auxilios.</p> <p>Planificación da prevención de riscos na empresa ou no organismo equiparado: contido mínimo dun plan de prevención.</p> <p>Plan de emerxencia e evacuación en contornas de traballo.</p>

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	O dereito do traballo e os contratos de traballos	12

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Analiza as súas condicións laborais como persoa traballadora por conta allea e identifícaa nos principais tipos de cambios e vicisitudes relevantes que se poden presentar na relación laboral, na normativa laboral e especialmente no convenio colectivo do sector	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Analizáronse as obrigas e os dereitos derivados da relación laboral, así como as condicións de traballo pactadas nun convenio colectivo aplicable ao sector profesional relacionado co título
CA4.2 Comparáronse as principais modalidades de contratación, e localizáronse os modelos nas fontes oficiais
CA4.3 Identificáronse as características definitorias das novas contornas de organización do traballo e os dereitos que levan consigo

4.4.e) Contidos

Contidos
<p>Novas contornas na organización do traballo e as súas implicacións nas relacións laborais.</p> <p>Análise da relación laboral individual.</p> <p>Dereitos e deberes derivados da relación laboral.</p> <p>Representación das persoas traballadoras na empresa.</p> <p>Modalidades de contrato de traballo e medidas de fomento da contratación.</p> <p>Elementos, características e requisitos de formalización do contrato de traballo.</p> <p>Dereito do traballo.</p> <p>Determinación das principais obrigas das persoas empresarias e das traballadoras en materia de seguridade social.</p>

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	As condicións de traballo, nómina e Seguridade Social	25

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Analiza as súas condicións laborais como persoa traballadora por conta allea e identifícaa nos principais tipos de cambios e vicisitudes relevantes que se poden presentar na relación laboral, na normativa laboral e especialmente no convenio colectivo do sector	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Analizáronse as obrigas e os dereitos derivados da relación laboral, así como as condicións de traballo pactadas nun convenio colectivo aplicable ao sector profesional relacionado co título
CA4.4 Identifícaronse os compoñentes do recibo de salario
CA4.5 Identifícaronse os recursos laborais existentes ante as vicisitudes que se poden dar na relación laboral
CA4.6 Analizouse o papel da Seguridade Social como pilar esencial para a mellora da calidade de vida da cidadanía

4.5.e) Contidos

Contidos
<p>0Protección por desemprego: requisitos e trámites. Cálculo da prestación.</p> <p>Estrutura do sistema de Seguridade Social.</p> <p>Prestacións contributivas da Seguridade Social (incapacidade temporal e permanente, nacemento de fillos e fillas, morte e supervivencia, e xubilación).</p> <p>Retos laborais derivados da contorna dixital.</p> <p>Análise do recibo de salario e das súas partes.</p> <p>Dereitos e deberes derivados da relación laboral.</p>

Contidos
<p>Seguridade Social e estado do benestar.</p> <p>Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación.</p> <p>Análise das principais condicións de traballo: clasificación e promoción profesional, tempo de traballo, retribución etc.</p>

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Modificación, suspensión e extinción do Contrato de Traballo. Impugnación do despido.	10

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Analiza as súas condicións laborais como persoa traballadora por conta allea e identifícaa nos principais tipos de cambios e vicisitudes relevantes que se poden presentar na relación laboral, na normativa laboral e especialmente no convenio colectivo do sector	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Analizáronse as obrigas e os dereitos derivados da relación laboral, así como as condicións de traballo pactadas nun convenio colectivo aplicable ao sector profesional relacionado co título
CA4.5 Identifícaronse os recursos laborais existentes ante as vicisitudes que se poden dar na relación laboral
CA4.7 Analizáronse as principais prestacións derivadas da extinción da relación laboral

4.6.e) Contidos

Contidos
<p>Conflitos colectivos na empresa.</p> <p>Análise da relación laboral individual.</p> <p>Dereitos e deberes derivados da relación laboral.</p>

Contidos
Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Traballo en equipo, participación dos traballadores na empresa	8

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Analiza e avalía o seu potencial profesional e os seus intereses para se guiar no proceso de autoorientación, e elabora unha folla de ruta para a inserción profesional con base na análise das competencias, os intereses e as destrezas persoais	NO

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Avaliáronse as motivacións, as habilidades, as destrezas e os intereses propios no marco dun proceso de autococoñecemento

4.7.e) Contidos

Contidos
Habilidades de organización e xestión.
Habilidades sociais e habilidades de comunicación.
Conflicto: concepto, causas, tipos e resolución. Negociación.
Equipos de traballo. Importancia do traballo colaborativo. Liderado como trazo da personalidade.
Conflitos colectivos na empresa.
Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación.

Contidos
Representación das persoas traballadoras na empresa.
Sindicatos de traballadores e traballadoras, e asociacións empresariais.

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	Orientación Profesional	13

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Distingue as características do sector produtivo e define os postos de traballo, relacionándoos coas competencias profesionais expresadas no título	SI
RA2 - Analiza e avalía o seu potencial profesional e os seus intereses para se guiar no proceso de autoorientación, e elabora unha folia de ruta para a inserción profesional con base na análise das competencias, os intereses e as destrezas persoais	NO
RA3 - Aplica as estratexias para a aprendizaxe autónoma recoñecendo o seu valor profesionalizador, deseñando e optimizando a súa propia contorna de aprendizaxe con uso das tecnoloxías dixitais como ferramentas de aprendizaxe autónoma, sendo coherente coa súa identidade dixital e cos seus propios obxectivos profesionais, expostos no seu plan de desenvolvemento individual	SI

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Analizáronse as principais oportunidades de emprego e de inserción laboral no sector profesional, identificando as posibilidades de emprego e analizado os seus requisitos actuais para o perfil profesional
CA1.2 Comparáronse os requisitos esixidos polo mercado laboral coas esixencias para o traballo na función pública relacionados co sector privado
CA1.3 Reflexionouse sobre as actitudes e as aptitudes requiridas actualmente para a actividade profesional relacionadas co título, así como as competencias persoais e sociais máis relevantes para o sector, identificando a zona de desenvolvemento próximo
CA2.2 Analizáronse as calidades e as competencias persoais afíns á actividade profesional relacionada co perfil do título
CA2.3 Determináronse as competencias persoais e sociais con valor para o emprego
CA2.4 Sinaláronse as preferencias profesionais, os intereses e as metas no marco dun proxecto profesional
CA2.5 Valorouse o concepto de autoestima no proceso de procura de emprego

Criterios de avaliación
CA2.6 Identifícaronse as fortalezas, as debilidades, as ameazas e as oportunidades propias para a inserción profesional
CA2.7 Identifícaronse expectativas de futuro para inserción profesional analizando competencias, intereses e destrezas persoais
CA2.8 Valoráronse fitos importantes na traxectoria vital con valor profesionalizador
CA2.9 Identifícaronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional
CA2.10 Formuláronse obxectivos profesionais e determináronse metas persoais e profesionais para a mellora da empregabilidade e as condicións de inserción laboral
CA2.11 Trazouse un plan de acción para desenvolver as áreas de mellora e potenciar as fortalezas persoais con valor para o emprego
CA3.1 Tomouse conciencia da responsabilidade individual no desenvolvemento profesional, valorando a actitude de aprendizaxe permanente para o desenvolvemento das propias e das novas competencias
CA3.2 Identificouse a empregabilidade como capacidade de adaptación á contorna laboral
CA3.3 Coñecéronse e utilizáronse ferramentas, fontes de información, conexións e actividades para a configuración dunha contorna persoal de aprendizaxe para a empregabilidade
CA3.4 Púxose en práctica a competencia dixital para configurar unha contorna persoal de aprendizaxe para a empregabilidade
CA3.5 Analizouse o concepto de identidade dixital e o seu impacto na empregabilidade
CA3.6 Xustificouse o deseño da súa contorna de aprendizaxe baseada en como esta mellora a empregabilidade
CA3.7 Elaborouse o seu plan de desenvolvemento individual como ferramenta para a mellora da empregabilidade
CA3.8 Aplicáronse as ferramentas de aprendizaxe autónoma para o seu desenvolvemento persoal e profesional
CA3.9 Deseñouse a contorna de aprendizaxe que permite alcanzar o plan de desenvolvemento individual

4.8.e) Contidos

Contidos
Tendencias do mercado laboral e oportunidades emerxentes.
Traballo na Administración pública.

Contidos

Competencias persoais e sociais máis demandadas no mercado laboral actual.

Análise das competencias profesionais e requisitos para o ingreso na Administración pública

Traballo por conta allea e traballo por conta propia.

Análise do sector profesional do título do ciclo formativo. Situación laboral actual e futura.

Intelixencia artificial e automatización no mercado laboral e no sector profesional do título do ciclo formativo.

Identificación e descrición dos postos de traballo relacionados co perfil profesional do título: características, funcións, competencias, formación, actitudes e aptitudes requiridas.

Identificación e autoanálise de intereses, capacidades, motivacións, aptitudes, fortalezas e debilidades persoais para o proxecto profesional ao que se aspire.

0Ferramentas dixitais na interacción cos demais. Networking.

A formación permanente na traxectoria laboral e profesional como factor clave para a adaptación ao cambio.

Habilidades de organización e xestión.

Capacidade autocrítica. Iniciativa persoal. Pensamento creativo.

Identificación e análise dos itinerarios formativos profesionais relacionados co título do ciclo formativo.

Autoestima: confianza, perseveranza e seguridade nun mesmo.

Axudas e recursos para superar carencias e afrontar retos persoais: probas obxectivas e tests psicométricos.

Autocoñecemento, autonomía persoal e autopercepción.

Habilidades sociais e habilidades de comunicación.

Oportunidades de formación e emprego en Europa.

Autoanálise e avaliación do potencial profesional en relación cos requisitos actuais do perfil profesional do título. DAFO persoal.

0Estratexias para superar as eivas de comunicación.

Autoanálise e toma de decisións académicas e profesionais.

Aspiracións e metas: definición de obxectivos profesionais.

Equipos de traballo. Importancia do traballo colaborativo. Liderado como trazo da personalidade.

Contidos

Servizos de orientación académica. Programas, oportunidades e axudas para a formación.

Información sobre a estrutura do sistema educativo.

Itinerarios académicos: información sobre as opcións para cursar na formación profesional, noutros estudos postobrigatorios e nos estudos superiores.

Necesidade dunha avaliación periódica do progreso.

Identificación e análise das necesidades persoais de aprendizaxe para a empregabilidade.

Contorna de aprendizaxe para a empregabilidade.

Ferramentas e fontes de información e formación: cursos en liña ou webinarios; libros, blogs; plataformas, aplicacións móbiles; certificacións en liña; grupos de discusión.

Relevancia para a empregabilidade..

Protección de datos persoais e identidade dixital.

Deseño dunha contorna persoal de aprendizaxe para o desenvolvemento persoal e profesional.

Concepto e características.

Rede persoal de aprendizaxe: redes sociais, profesionais e de comunicación.

Concepto.

Pegada e reputación dixital.

Importancia do plan como ferramenta para maximizar o potencial e o desenvolvemento persoal e profesional.

Xestión de identidades dixitais: persoal e profesional. Riscos derivados dunha xestión inadecuada.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

A profesora dará ao alumnado, na primeira semana de clase, a información relativa a programación do módulo con especial referencia aos obxectivos, os mínimos exixibles e os criterios de avaliación e cualificación e informaralles sobre onde a teñen a súa disposición para consulta, sendo en todo caso facilmente accesible.

Para superar o módulo, o alumno/a deberá obter avaliacións positivas respecto dos seguintes MÍNIMOS ESIXIBLES:

- Valorar a importancia da cultura preventiva en todos os ámbitos e as actividades da empresa ou do organismo equiparado, relacionando as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora, e identificando e clasificando os factores de risco na actividade e os danos derivados destes, especialmente as situacións de risco máis habituais nas contornas de traballo do sector profesional relacionado co título.
- Clasificar e describíronse os tipos de danos profesionais relacionados co perfil profesional do título, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais.
- Determinar os requisitos e as condicións para a vixilancia da saúde da persoa traballadora e a súa importancia como medida de prevención.
- Determinar a avaliación de riscos na empresa ou no organismo equiparado e definíronse as técnicas de prevención e de protección que deben aplicarse para evitar os danos na súa orixe e minimizar as súas consecuencias.
- Determinar os principais dereitos e deberes en materia de prevención de riscos laborais.
- Valorar a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa ou no organismo equiparado que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia, e reflexionouse sobre o contido deste.
- Analizar os protocolos de actuación en caso de emerxencia.
- Identificar as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante distintos tipos de danos, así como a composición e o uso da caixa de primeiros auxilios.
- Analizar as obrigas e os dereitos derivados da relación laboral, así como as condicións de traballo pactadas nun convenio colectivo aplicable ao sector profesional relacionado co título.
- Comparar as principais modalidades de contratación, e localizáronse os modelos nas fontes oficiais.
- Identificar os compoñentes do recibo de salario.
- Identificar os recursos laborais existentes ante as vicisitudes que se poden dar na relación laboral.
- Analizar as principais prestacións derivadas da extinción da relación laboral.
- Analizar as principais oportunidades de emprego e de inserción laboral no sector profesional, identificando as posibilidades de emprego e analizado os seus requisitos actuais para o perfil profesional.
- Reflexionar sobre as actitudes e as aptitudes requiridas actualmente para a actividade profesional relacionadas co título, así como as competencias persoais e sociais máis relevantes para o sector, identificando a zona de desenvolvemento próximo.
- Identificar as fortalezas, as debilidades, as ameazas e as oportunidades propias para a inserción profesional.
- Identificar expectativas de futuro para inserción profesional analizando competencias, intereses e destrezas persoais.
- Valorar fitos importantes na traxectoria vital con valor profesionalizador.
- Identificar os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional.
- Identificar a empregabilidade como capacidade de adaptación á contorna laboral.
- Coñecer e utilizar ferramentas, fontes de información, conexións e actividades para a configuración dunha contorna persoal de aprendizaxe para a empregabilidade.
- Analizar o concepto de identidade dixital e o seu impacto na empregabilidade.

Para a avaliación das aprendizaxes realizadas por cada alumno no módulo utilizaranse os seguintes INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

PROBAS ESCRITAS:

O alumnado deberá realizar en cada avaliación unha ou máis probas escritas sobre os contidos traballados nese período.

Trátase de probas obxetivas que terán carácter teórico - práctico, como preguntas de reposta curta, tipo test e/ou casos prácticos. Nas preguntas tipo test só se presentará unha reposta correcta entre as posibles. As repostas en branco non puntúan e as repostas erradas restan en proporción dúas erradas unha correcta. Na resolución dos supostos prácticos o alumno/a deberá demostrar o coñecemento da teoría aplicable e dos

procedimentos para resolver a situación que se presenta. En cada proba indicárase o valor de cada cuestión.

Tipo de cualificación: sobre 10 puntos

Ponderación na nota da avaliación: 40%

As probas non superadas poderán ser recuperadas na proba final do mes de xuño

Aquel alumno/a que non asista a unha ou varias probas na data da súa realización, non terá dereito a recuperadas en data distinta salvo causa xustificada documentalmente.

ACTIVIDADES DE AULA:

Os alumnos/as elaborarán ao longo do curso, actividades individuais e/ou en equipo de carácter obrigatorio. Os contidos e características serán proporcionados previamente á súa realización. Os traballos non presentados no prazo establecido só poderán ser entregados noutro prazo por causa xustificada documentalmente. Os traballos non superados poderán ser recuperados durante a terceira avaliación.

Tipo de cualificación: poderá ser mediante lista de cotexo ou táboa de observación (poderán ser porcentuais, binarias ou descritivas)

-Estas actividades de aula son de dous tipos :

- Semanais, para fixar contidos que ponderan o 40% da nota do trimestre.

- Trimestrais, presentáranse propostas ao longo do trimestre (normalmente dúas por trimestre) que ponderan o 20% da nota do trimestre.

A recuperación das actividades consistirá na realización dunhas novas actividades da mesma natureza cas anteriores ou repetición das mesmas

No suposto de que se teña coñecemento de que o alumnado realizou ou calquera acto de copia, suplantación ou cambio dunha proba escrita, traballo ou tarefa, anularase a mesma e terá que recuperala.

Na realización das probas escritas, non está permitido o emprego de teléfonos móbiles, tabletas ou calquera dispositivo de comunicación do alumnado co exterior.

CUALIFICACIÓN TRIMESTRAL:

- Cada avaliación trimestral considerase superada cando se obteña unha puntuación igual ou superior a 5 (puntuación sobre 10), sendo preciso acadar un mínimo do 50% en cada instrumento de avaliación para facer media.

- A calificación da avaliación será un valor numérico sen decimais entre 1 e 10. Aplicarase o redondeo á unidade máis próxima, por exceso ou por defecto. Non se aplicará o redondeo o número enteiro superior si o alumno non acadar a nota mínima dun cinco.

- No suposto de que o alumnado non superara algunha das avaliacións, a cualificación na última avaliación non poderá ser superior a un catro.

CUALIFICACIÓN FINAL DO MÓDULO:

A cualificación final do módulo será o resultado da media das cualificacións dos tres trimestres sempre e cando en cada un deles o alumnado acadar unha cualificación igual ou superior a cinco. Se a puntuación final non é un número enteiro, redondearase por exceso ou por defecto. Non se aplicará o redondeo o número enteiro superior si o alumno non acadar a nota mínima dun cinco.

O módulo considérase superado cando se alcance unha puntuación igual ou superior a cinco.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

O módulo aválase U.D., polo que é necesario para a superación do módulo e para poder calcular a nota media final acadar unha puntuación mínima de 5 en todas e cada unha das U.D.

A nota final será o resultado de calcular a media ponderada de cada un das U.D.

A cualificación de cada U.D. será o resultado de valorar probas escritas e traballos. En cada trimestre farase unha proba escrita (para superala tendrá que ter mínimo un 5) contará un 40% da nota, entrega de

actividades (tendrá que ter un mínimo de un 5) contará un 40% da nota e dous traballos obrigatorios cada trimestre que contará un 20% da nota.

No caso de que non se entregue/realice algunha tarefa (traballo ou proba escrita) por causa non xustificada, esta terá un valor de 0 aos efectos de calcular a cualificación da UD. (O alumnado que presente un xustificante oficial por faltar o día da proba escrita ou entrega de traballo será convocado outro día para realizalo. Dito día será proposto pola docente para que non interfira nas tarefas de equipo ou individuais que se están a realizar, polo cal poderá ocorrer o caso de que non se poida convocar ao alumnado nese mesmo trimestre).

O/as alumnos/as que na realización dalgunha proba sexa sorprendido con medios non permitidos , serálle retirada e ,acto seguido ,será convocado para unha proba oral de contidos similares.

O alumnado que entregue unha tarefa na aula virtual, copiada dun compañeiro/a entenderase como non entregada.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

O alumnado que non teña superado algún ou algúns resultados de aprendizaxe (RA) nas sucesivas avaliacións, ten a opción a recuperalas en xuño, no día e hora establecido pola docente.

RECUPERACIÓN XUÑO:

Os alumnos e alumnas co módulo suspenso na terceira avaliación, realizarán durante as semanas restantes ata a avaliación final as actividades e probas de recuperación que lle marque a docente, correspondentes aos contidos non superados.

A recuperación consistirá en:

- A realización dunha proba escrita relacionada co ou cos RA non superados. Pode ser: tipo test, preguntas de resposta curta, e/ou casos prácticos.
- E/ou entrega do documento ou traballo enmendando os erros e entregandoo na forma e data indicada, así como as tarefas a realizar a través da aula virtual.

O procedemento de avaliación será o empregado durante o curso.

Os RA considéranse superados se alcanza unha nota de 5 ou superior tendo en conta os criterios de cualificación indicados. A cualificación obtida substituirá á anterior.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Se algún alumno/a, sempre seguindo os criterios xerais de avaliación, perderá o seu dereito á avaliación continua terá dereito a unha proba de avaliación extraordinaria sobre a totalidade dos contidos do módulo. Esta avaliación extraordinaria terá sempre lugar logo da avaliación ordinaria correspondente do ciclo e deberá ser comunicada ao alumnado implicado no proceso coa antelación suficiente á súa celebración, ben sexa dun xeito verbal na aula, a través da aula virtual ou con notificacións nos taboleiros de anuncios para o público coñecemento por parte dos mesmos.

Esta proba consistirá na resolución dunha serie de cuestións tipo test, e de varios supostos prácticos sobre os contidos do módulo correspondente o curriculum oficial e desenrolada nesta programación.

Os criterios de cualificación e corrección serán os recollidos no epígrafe 5: Nas preguntas tipo test só se presentará unha resposta correcta entre as posibles, o alumno/a poderá contestar ou deixar en branco. As respostas en branco non puntúan, as respostas erradas restan en proporción dúas erradas unha correcta. Na resolución dos supostos prácticos o alumno/a deberá demostrar que é coñecedor da teoría aplicable e dos procedementos para resolver a situación que se presenta. Na proba, que puntúa sobre 10, indicárase o valor de cada cuestión.

O módulo darase por superado se o alumno/a obtén unha puntuación igual ou maior a 5 na proba.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

De xeito periódico, nas reunións de departamento que se celebren, irase facendo un seguimento do desenvolvemento da programación do módulo, co fin de comprobar a súa adecuación á planificación temporal inicial e ao grupo que se lle está a impartir. Dito seguimento recollerase na aplicación de programacións.

Ao remate do curso académico a persoa que exercera a docencia deberá entregar un informe final que conterá o grao de desenvolvemento da programación, aqueles aspectos máis significativos que considere se deberían de tratar para o vindeiro ano e as modificacións oportunas (en canto a reducións de contidos ou ampliación dos mesmos, instrumentos de avaliación a aplicar, materiais e recursos, etc.)

Ademáis do anterior, na avaliación da propia práctica docente son tidos en conta os resultados obtidos nas enquisas de satisfacción coa labor docente que son realizadas tódolos cursos aos alumnos, e nas que estes indican as súas valoracións sobre diferentes aspectos da práctica docente.

Algúns dos aspectos que o docente deberá considerar na autoavaliación da práctica docente son:

- Organización e coordinación co profesorado do ciclo formativo.
- Adecuación do grao de dificultade das actividades ás características do alumnado
- Grao de motivación do alumnado nas actividades propostas polo docente
- Planificación das tarefas: distribución e dotación de medios e tempos
- Ambiente de traballo, relación entre os alumnado, e entre alumnado e o docente.
- TICs: uso e manexo por parte do alumnado e do docente.
- Habilidades de comunicación verbal e non verbal na transmisión dos contidos.
- Claridade na presentación dos contidos nos medios audiovisuais empregados.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

Nesta sesión, o profesor ou a profesora que se encarguen da titoría dará a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais, con

incidencia educativa, de cantos alumnos e alumnas o compoñan, valorando tanto a súa situación actual como aquelas que puideran ser coñecidas polo que achegue o seu expediente académico previo, por indicacións do departamento de orientación, por achegas da propia familia, etc.

Esta avaliación inicial en ningún caso comportará cualificación para o alumnado. Salvo que se estableza o contrario, a avaliación farase de maneira oral e/ou con cuestionarios breves, dando coñecemento dos resultados aos membros do equipo docente para a toma de medidas que puideran ser necesarias no desenvolvemento correcto das actividades formativas dentro da aula.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Naqueles casos que se apreciara na avaliación inicial a presenza na aula de alumnado con necesidades educativas especiais, adaptacións de medios ou materiais, o docente correspondente deberao poñer en coñecemento do equipo docente e das instancias oportunas dentro do centro.

Unha vez valorada a situación por parte do persoal correspondente tomaranse as medidas oportunas, contando coa participación do persoal docente do módulo e aquelas outras persoas do departamento de Orientación ou persoal destinado pola Consellería de Educación aos efectos.

Nesta atención á diversidade encadrarase toda aquela actuación educativa dirixida ás diferentes capacidades, ritmos de aprendizaxe, diferentes motivacións, situacións sociais, étnicas e de saúde do alumnado.

A docente, coa axuda dos medios humanos e materias que se poidan por á súa disposición, debe axustar a axuda pedagóxica e facilitar os recursos e estratexias necesarias para dar resposta ás diferentes necesidades educativas do conxunto do alumnado.

O alumnado é diferente no seu ritmo de traballo, estilo de aprendizaxe, coñecementos previos, experiencias, circunstancias e entorno, capacidades, etc. Todo isto sitúa ós docentes na necesidade de educar "en e para a diversidade".

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Fomentaranse valores como:

1. Educación para o medio ambiente: o aproveitamento de recursos naturais de forma racional, a reciclaxe e a reutilización a nivel individual e no medio de traballo. Utilizarase en menor medida o papel e máis ben para traballar as actividades farase uso da aula virtual.
2. A educación no consumo racional e responsable no que se refire ás economías de mercado, e no traballo produtivo.
3. Respecto da dignidade e non explotación dos traballadores.
4. Educación para a paz e a non violencia: a conciliación como sistema de solución de conflitos, a violencia sexista.
5. Educación para a saúde: Concienciación da prevención de riscos e a importancia da seguridade e hixiene nos traballos, e a limpeza e a orde como prevención.
6. A igualdade e non discriminación no acceso ó mercado laboral, nas categorías salariais e nas condicións de traballos, causa de nulidade dos despedimentos...
7. Análise das profesións con menor índice de presenza feminina.
8. Responsabilidade, esforzo, puntualidade, respecto as diferencias, liberdade,...etc.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Dentro das actividades COMPLEMENTARIAS que se levarán a cabo ao longo do ano poderase contar con relatorios, conferencias (expertos de empresas, concello, asociacións de empresarios, Universidades, expertos en materia de seguridade e hixiene, expertos en primeiros auxilios, etc) ou algunha saída a organismos públicos (concello, universidade, seguridade social, xulgado do social, etc) ou empresas do contorno (polígonos industriais, asociacións de empresarios, etc). Todas estas actividades serán levadas a cabo dentro do horario escolar, co coñecemento e a pertinente aprobación do consello social. Estas actividades poderán ser organizadas polo departamento de Formación e Orientación Laboral en solitario -por iniciativa do mesmo ou como resposta a algunha proposta que chegue ao propio departamento- ou ben conxuntamente coa participación doutros departamentos técnicos ou do departamento de Orientación.

Dentro das actividades EXTRAESCOLARES que exceden do horario escolar poderase organizar, conxuntamente con outros departamentos técnicos visitas a empresas do sector, centros de ensino, etc., sempre en función do interese do alumnado e da dispoñibilidade orzamentaria do departamento, así como da oferta das entidades públicas ou privadas que colaboren cos centros educativos.

10. Outros apartados

10.1) Difusión da programación ao alumnado

O primeiro día de curso farase un resumo da programación ao alumnado indicándolles os obxectivos do módulo, as unidades didácticas nas que se divide o módulo e cómo se van desenvolver as clases, indicándoselles os criterios de cualificación que se van aplicar para obter a nota.

A programación estará a disposición do alumnado nun documento na aula virtual, e tamén colgada na web do ies

10.2) Metodoloxía

Durante este curso, empregarase a aula virtual dende inicio de curso para a difusión de materiais, entrega de tarefas e mesmo comunicación . O alumnado deberá facer entrega do traballo realizado a través da aula virtual.

- As probas escritas e traballos que o alumnado debe realizar para avaliar a adquisición dos resultados de aprendizaxe establecidos para o módulo, entregaranse a través da aula virtual.

Para facilitar que os alumnos e alumnas estean familiarizados con estes recursos dixitais e non teñan dificultades co seu uso, desde o comezo do curso utilizarase a aula virtual do módulo como unha ferramenta

mais no desenvolvemento das clases.